



Concello de Outes

Expediente núm.: 28/2022

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos. Bolsa de emprego persoal de limpeza.

D. MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE OUTES (A CORUÑA), na data que figura á marxe, dito a seguinte RESOLUCIÓN:

ANTECEDENTES

O Concello de Outes convocou un proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego que permita cubrir as necesidades sobrevidas e que supoñan un exceso de carga de traballo e/ou suplencia das persoas titulares do posto de persoal de limpeza que foi publicada no BOP nº103 do 1 de xuño de 2022.

No desenvolvemento de dito proceso realizáronse as probas previstas nas bases reguladoras nas datas 29/06/2022 (valoración da fase de concurso), 01/07/2022 (1º exercicio fase oposición), e 05/07/2022 (2º exercicio fase oposición), .

Vista a proposta do tribunal de selección que consta na acta que pon fin ao procedemento.

Visto os antecedentes expostos e coas atribucións os artigos 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Constituír a bolsa de emprego para persoal de limpeza, segundo o establecido na base 9ª da convocatoria e que queda como segue:

Identidade do/a Aspirante
1. García Novo, Mª Pilar
2. García Nieto, Raquel
3. Ramos Senra, Eva Mª
4. Suárez Seijas, Zaira
5. Santamaría Coiradas, Mª Peregrina
6. Antelo Romero, Carlos
7. Villar Martínez, Noa
8. De Ron Suárez, Mª Teresa



SEGUNDO.- Publicar a antedita resolución na páxina web corporativa www.outes.gal , ao efecto de coñecemento dos interesados/as.

TERCEIRO.- Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante este órgano, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte da publicación da presente resolución , de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte desta publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Outes, na data que figura á marxe.

O alcalde

Ante min, a secretaria

Manuel González López

Minia Astray Barca

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE



Cod. Validación: 4XEYTNJC-JJ4F6YEXK3KWGD3ESP | Corrección: <https://bules.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2